

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE SUMIDOIROS E POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo Plenario provisional do Concello de Xinzo de Limia do 7 de novembro de 2025, sobre a modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais cuxo texto íntegro se publica, en cumprimento do artigo 17.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sendo do seguinte teor literal:

“(…) «Modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria correspondente á contratación do servizo será de 47,9639 €, e de 19,1716 € en concepto de conexión á rede, que se esixirá unha soa vez.

2. A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo da rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,2603 euros por cada m³ ao trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.

Artigo 14º. Cota tributaria

1. A cota tributaria, para todo o termo municipal, que se esixirá pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no predio, a razón de 0,4052 euros por cada m³ ao trimestre, cun mínimo de 20 m³ ao mes.

No caso de que o suxeito pasivo goce de servizo de tratamento e depuración de augas residuais, utilizando a rede de saneamento municipal, sen que estea dado de alta no padrón da taxa pola prestación do servizo público de abastecemento e distribución domiciliaria de auga potable, por calquera motivo, xa sexa pola carencia da licenza municipal oportuna ou pola utilización de auga procedente de pozos particulares, a cota tributaria será equivalente ao mínimo. No caso de ter coñecemento de que as verteduras son superiores ao mínimo o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

2. Para núcleos de poboación cuxa rede de saneamento verte na ETAR da vila ou nas EDAR das poboacións e o servizo de abastecemento e subministración de auga potable domiciliaria non



é de titularidade municipal: aplicarase unha tarifa equivalente ao mínimo. Non obstante, de ter coñecemento de que as verteduras son superiores ao mínimo, o suxeito pasivo deberá instalar un caudalímetro ao seu cargo.

3. Para núcleos de poboación pertencentes a outros concellos e cuxa rede de saneamento verta nas depuradoras de Xinzo de Limia, a base impositiva virá determinada polos aparellos do volume de verteduras. Non obstante, no intervalo de tempo que medie entre a instalación do aparello e a efectiva prestación do servizo, a base impositiva virá determinada por unha cantidade fixa equivalente á tarifa mínima establecida para a vila de Xinzo de Limia.

Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal, cuxa aprobación foi acordada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión do 7 de novembro de 2025, modifica á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2026, e permanecerá en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente. (...)"

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer polo interesados, un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Xinzo de Limia, na data da sinatura electrónica. O alcalde

Asdo.: Amador Díaz Penín.

R. 3.097

